

# PROGRAMA ESCOLAR

2019/2020



Benqueridos e benqueridas amigas,

Xuntamos a programación para o curso 2019/20 no que pecharemos o ano dedicado a Antonio Fraguas cun trimestre no que vos animamos a visitar a exposición dedicada á súa figura, e abrindo o 2020 coa dedicatoria do Día das Artes Galegas a Domingo de Andrade, o arquitecto que deseñou o edificio que alberga o Museo e a famosa tripla escaleira helicoidal.


Como cada ano lembrámosvos que para visitar o Museo do Pobo Galego tedes varias opcións en canto ao tipo de actividades, pero en todas elas tedes que atender ao seguinte:

- **Reserva previa:** é necesario reservar a visita cunha antelación mínima de 15 días. O espazo museístico conta cun aforo limitado e para asegurar a circulación sen problemas en salas e na escaleira helicoidal, é necesaria a reserva previa en calquera das modalidades de visita que ofrecemos.
- **Horario do Museo:** de martes a sábado de 10h30 a 14h e de 16h a 19h30. Domingos de 11h a 14h. Luns pechado.
- **Horario das actividades con atención directa de persoal do DEAC:** de martes a venres de 11h a 14h. Algunhas das propostas terán un horario específico sinalado na información concreta da actividade.
- **Prezo de entrada:** É de balde para o alumnado menor de 18 anos e para o profesorado acompañante, que deberá ser o número marcado por lei e permanecer co grupo durante toda a actividade. Polo tanto, se facedes a visita por libre non ten custe.
- **Prezo das actividades:** Se facedes a vosa visita participando nunha actividade dirixida polo persoal do departamento de educación entón hai unha tarifa de 0'70 céntimos por alumno ou alumna. **De balde para os centros socios.**
- **Información e solicitudes de visita:** en [servizosdeac@museodopobo.gal](mailto:servizosdeac@museodopobo.gal)

Este programa conta co patrocinio especial do Concello de Santiago de Compostela.

Educación e Acción Cultural  
MUSEO DO POBO GALEGO  
(0034)981583620  
[servizosdeac@museodopobo.gal](mailto:servizosdeac@museodopobo.gal)  
[www.museodopobo.gal](http://www.museodopobo.gal)

# ACTIVIDADES DE OUTUBRO A DECEMBRO DE 2019



## **Raposadas co neno Antonio**

Ao neno Antonio gústalle coidar da raposa, algúns días lévaa á súa casa na aldea. Alí xogan, escoitan os contos de Mamá Antonia, buscan respostas ás adiviñas que sabe a galiña e axudan ao sapo a sementar os campos. Ao terminar a colleita comeza a festa, en compañía danzan ao ritmo da pandeireta sabendo que, algún día, o neno Antonio converterase en D. Antonio Fraguas, o primeiro director do Museo do Pobo Galego.

Este é un espectáculo de contos de tradición oral con obxectos e monicreques que nos levará polo Museo da man da narradora [Raquel Queizás](#).

- Destinado ao alumnado de **Infantil**.
- Máximo de participantes por sesión: 25
- Temporalización: 50 minutos.
- Dúas sesións ao día ás 11h15 ou 12h30.
- Datat: xoves 6, 19, 21 e 28 de Novembro. Cubriranse por orde de recepción da solicitude.

## **Fraguando datos sobre D. Antonio**

O edificio e parque de Bonaval agochan moitos dos tesouros que D. Antonio Fraguas foi recompilando, estudando e difundindo durante toda a súa vida. O alumnado de Primaria poderá coñecer en profundidade, a través dun xogo de descuberta **dirixido polo persoal docente**, a figura de Don Antonio e a súa relación co Museo do Pobo Galego.

- Destinado ao alumnado de **Primaria**.
- Máximo de participantes por sesión: 25
- Temporalización: 60 minutos.
- Hora e data: a concertar co DEAC en [servizosdeac@museodopobo.gal](mailto:servizosdeac@museodopobo.gal)
- Materiais: [conto](#) e [pistas](#).

## **O Museo de Antonio Fraguas**

Visita da man do Patrón e etnógrafo **Clodio González** á exposición temporal "Antonio Fraguas Fraguas" e a diferentes espazos do Museo que teñen un especial vínculo coa figura de Antonio Fraguas. A través deste percorrido veremos parte do seu legado, coñeceremos detalles da súa biografía e o seu papel como primeiro director desta institución.

- Destinado ao alumnado de **Secundaria**.
- Máximo de participantes por sesión: 30
- Temporalización: 50 minutos
- Hora de comezo: 11h
- Datat: 22 de outubro, 5 e 12 de novembro e 10 de decembro

# ACTIVIDADES DE XANEIRO

## A XUÑO DE 2020



### **Barrococó**

Santiago de Compostela. Ano 1700. DON-DON-DON-DON-DON-DON-DON. Tocan as sete da tarde na Berenguela. As rúas ateigadas de xente cheiran a pan e a ouriñal. Óense o ruxerruxe dos carros cargados de pedra e o cantar dos punteiros. PIM-PAM-PIM-PAM. O Mestre Maior pasea do Pombal á catedral. As lavadeiras fan a revolución... e unha nai sae á xanela berrando polos fillos perdidos: "Ai meus nenos, meus neniños". Ao lonxe, no monte, os lobos...

Espectáculo de narración oral e música da [compañía Rilo & Penadique](#) para achegar o mundo de Domingo de Andrade ao alumnado.

- Dirixida ao alumnado de **1º e 2º de Primaria**.
- Máximo de participantes por sesión: 25
- Hora de comezo: 11h30
- Temporalización: 45/50 minutos
- Datat: 22 e 29 de Xaneiro, 12 e 19 de Febreiro, 11 e 18 de Marzo.

### **O enredo do barroco**

A través dunha danza tradicional de fitas, achegarémonos ao mundo barroco de Andrade e ás formas que debuxou nos seus deseños, como por exemplo, á escaleira helicoidal.

- Dirixida ao alumnado de **3º e 4º de Primaria**.
- Máximo de participantes por sesión: 25
- Temporalización: 70 minutos
- Hora e data: a concertar en [servizosdeac@museodopobo.gal](mailto:servizosdeac@museodopobo.gal)

### **Construíndo as obras do Mestre Andrade co Lupo**

Faremos unha pequena viaxe na que visitaremos as obras máis destacables do arquitecto Domingo de Andrade, coñecéndolas e situándolas, tralo que nos poñeremos os cascos de obra e comezaremos a reconstruír, cos nosos Lupos, algunha destas grandes edificacións. [Lupo](#) é un sistema educativo que utiliza a arquitectura como disciplina transversal clave para interpretar a realidade que nos rodea e introducirmos no coñecemento de moitos campos e disciplinas.

- Dirixida ao alumnado de **5º e 6º de Primaria**.
- Máximo de participantes por sesión: 25
- Temporalización: 60 minutos
- Hora de comezo: 11h ou 12h30.
- Datat: martes e venres de Marzo e Abril. A concertar en [servizosdeac@museodopobo.gal](mailto:servizosdeac@museodopobo.gal)

### **A fórmula Andrade**

Coa colaboración da **Asociación Galega do Profesorado de Educación Matemática (AGAPEMA)**.

Actividades adaptadas a diferentes cursos de secundaria onde, a través dun percorrido matemático polo edificio de Bonaval, o alumnado poderá ir resolvendo, de maneira amena e divertida, incógnitas matemáticas relacionadas coa arquitectura de Andrade. Trátanse de **actividades autónomas** dirixidas polo profesorado a través de materiais facilitados desde o DEAC do Museo.

- Dirixida ao alumnado de **Secundaria**.
- Máximo de participantes por sesión: 25
- Data e hora: a concertar en [servizosdeac@museodopobo.gal](mailto:servizosdeac@museodopobo.gal)

# ADEMAIS PODEDES ESCOLLER...



## ***Visitas e actividades por libre***

Poñemos a disposición de todos os grupos escolares información e [materiais descargables na nosa web](#). Itinerarios temáticos, visitas con pistas ou información sobre pezas e personaxes vinculados ao Museo para que poidades preparar e aproveitar a visita ao Museo.

Lembrede que tamén nesta modalidade, é necesario reservar data e hora co DEAC. Hai un límite de aforo que se debe respectar por motivos de seguridade das persoas e por comodidade na circulación no espazo museístico. Por este motivo, é posible que sen reserva previa non se poda permitir a entrada á hora desexada.

## ***Visitas específicas***

Desde o DEAC ofrecemos visitas dirixidas ás diferentes especialidades de formación profesional. Podedes consultárnolas no correo electrónico que facilitamos neste documento.

- Dirixida ao alumnado de **Ciclos Formativos**.
- Temporalización: 60/80 minutos.
- Data e hora: a concertar en [servizosdeac@museodopobo.gal](mailto:servizosdeac@museodopobo.gal)

## ***Proposta de traballos temáticos***

Enfocamos esta opción de traballo entre o Museo e a escola porque cremos que é posible usar o patrimonio etnográfico en distintas disciplinas e áreas educativas con diversas perspectivas. Facemos un par de propostas como posible punto de partida para un traballo de investigación na aula. O recomendable é que este traballo se faga de xeito multidisciplinar pero tamén pode tratarse dun proxecto desenvolvido nunha soa materia curricular. O Museo pode ser un recurso máis dentro destes proxectos que, ademais da visita, pode subministrarmos documentación e materiais.

As nosas propostas son:

- [O folclore musical](#). Dirixido a **4º da ESO**.
- [Monte](#). Dirixido a Secundaria.

## ***"Os nossos e as nossas avôs foram cientistas"***

Proxecto dirixido polo [Clube UNESCO Ciência, Tradição e Cultura](#) do Instituto Politécnico de Castelo Branco, Portugal, que investiga e explica a cultura popular en termos científicos ao alumnado de Infantil e Primaria.

Os temas son diversos e van desde o mel, a alimentación ata o liño, cos que se investiga aplicando a ciencia para elaborar despois fichas e materiais didácticos de traballo na aula.

Desde este club de profesorado gustarían de atopar parcerías en Galicia para traballar de forma conxunta co alumnado galego e portugués, tendo ao Museo do Pobo Galego como mediador e apoio.

- Dirixido ao alumnado de **Infantil e Primaria**.
- Máis información en [servizosdeac@museodopobo.gal](mailto:servizosdeac@museodopobo.gal)